


# A COMPOSICIÓN MUSICAL FEMENINA NO CLASICISMO



**CANTAR DELAS**

<http://www.cantardelas.com>

## CLASICISMO. Música nos salóns.



Les salonnières

No s. XVIII e baixo a luz da Ilustración búscase racionalizar todos os aspectos da vida e saberes humanos. Fronte ó poder absoluto do estado monárquico, lexitimado pola Igrexa, reividícanse a igualdade diante da lei, a liberdade ideolóxica e a tolerancia relixiosa. Os ideais de liberdade, igualdade e fraternidade da Revolución Francesa foron recollidos na Declaración Universal dos Dereitos do home e do cidadán de 1789, pero as mulleres quedaron excluídas desta declaración e tardarían moito tempo en ser consideradas suxeitos de dereitos.

Agora ben, Olimpia de Gouges, escritora e filósofa, promoveu a Declaración Universal dos Dereitos da Muller e da Cidadá que, xunto coas súas posicións políticas, a levaron á guillotina.



Olimpia de Gouges

Os salóns literarios celebrábanse en residencias da burguesía ilustrada. As súas anfitrías acostumaban ser mulleres amantes da cultura, as **salonnières**. En París, capital cultural de Europa, reúnen grupos de homes e mulleres para debater ideas filosóficas e políticas onde a música estaba presente. Nos Salóns de Mdme de Roland e Mdme de Stäel foméntanse as ideas revolucionarias e negociábase o poder político.

As compositoras do Clasicismo foron cantantes e instrumentistas que buscaron a independencia mediante a práctica profesional da música e o seu ensino. Impulsaron centros de estudos e academias e organizaron concertos nos seus salóns de música nos que estreaban as súas obras.

### **A EMPERATRIZ MARÍA TERESA DE AUSTRIA (1717-1780). A CORTE DE VIENA.**



Foi exemplo de raíña ilustrada e mecenas das compositoras da corte.

### **MARIANNE DE MARTÍNEZ (Viena 1744-1813)**



Filla dunha familia de orixe española ben situada na corte da emperatriz. Recibiu clases de Haydn entre outros compositores. Incorporouse na corte de Viena como cantora e clavecinista. Na súa casa reuníanse Bethoven, Haydn e Mozart co que tocaba o piano a catro mans. Fundou unha escola de canto dedicándose ó ensino ata a súa morte. Compón oratorios, sinfonías e concertos entre outras obras.

<https://youtu.be/JP1vIX5j4Qk>

### MARÍA THERESIA VON PARADIS ( Viena 1759-1824)



Ser cega desde os catro anos non lle impediu ser unha das pianistas máis famosas da época, cantante e compositora de sinfonías, óperas e outras obras.

Varios compositores, entre eles Mozart, escribiron concertos para seren interpretados por ela.

<https://youtube/hC8cTiQ8R4o>

### MARIANA VON AUENBRUGGER (1759 -1782)



Pianista e compositora que tivo como profesores a Haydn e Salieri. Destaca a publicación de unha *Sonata para clavicémbalo*. Morreu ós 23 anos de tuberculose.

<https://youtube.be/wx-QqdnSjQy>

### **ANNA AMALIA DE PRUSIA (von Preußen) (1723-1787)**



Abadesa de Queslinburg e mecenas que viviu fundamentalmente en Berlín. Compuxo música de cámara e sonatas para frauta. Coleccionou obras de Bach, Haendel, Telemann e Palestrina e chegou a ter 660 partituras de compositoras e compositores. Á súa morte, este tesouro musical pasou á Biblioteca do Estado de Berlín que leva o seu nome.

<https://youtu.be/8C-4LDfVUo0>

### **MARÍA ANTONIA DE WALPURGIS (DE BAVIERA) (1724-1780)**



Compositora alemá, cantante, clavecinista, pintora, escritora e mecenas de científicos e artistas. A partir dos 23 anos usou oseudónimo de EPTA (Ermelinda Talea Pastorella Arcadia) como nome secreto da Academia Romana de los Árcades que buscaba reformar a ópera e a literatura dos excesos do bárroco.

Compuxo as óperas *Il Trionfo della defeltá*, *Talestris*, *raíña das amazonas* da que ademais da música escribe o libreto.

[tps://youtu.be/gpLO5HgL5lM](https://youtu.be/gpLO5HgL5lM)<https://youtu.be/gpLO5HgL>

### ANNA AMALIA VON SASCHEN-WEIMAR-EISENACH (1739-1807)



Princesa e compositora alemá. Foi mecenas de Goethe e de Friedrich Schiller, dous dos dramaturgos máis importantes do clasicismo alemán. Compuxo unha sinfonía para dous oboes, dúas frautas, dous violíns e contrabaixo; un oratorio, a ópera *Erwin und Elmire*, baseada nun texto de Goethe e un divertimento para piano, viola e violochelo.

<https://youtu.be/uf0ZExXEPAc>

### JULIANE REICHARDT (1752-1783)



Compositora, cantante e pianista bohemia. Foi ademais das primeiras directoras alemás fundamental na recuperación da música alemá barroca. Morre ós 31 anos e na súa corta vida publicou dúas sonatas e trinta cancións.

[https://youtu.be/E\\_CPCWTSSoo](https://youtu.be/E_CPCWTSSoo)

### FRANCESCA LE BRUN (1756-1791)



Notable cantante e compositora alemá. Naceu e morreu nos mesmos anos que Mozart. Con 22 anos inaugura o Scala de Milán como cantante principal feminina dunha obra de Salieri.

Ós 24 publicou doce sonatas escritas por ela para fortepiano e violín.

<https://youtu.be/hWiz13fdnpE>

### SOPHIA MARIA WESTENHOLZ (1759-1838)



Compositora, cantante, educadora, directora de orquestra e instrumentista alemá do período clásico. Durante 19 anos dirixiu desde o piano os concertos na capela da corte.

O seu *Morgenlied* é unha obra extraordinaria para comezar o día.

<https://youtu.be/xsufAAifNNO>

## MARÍA TERESA AGNESI (1720-1795)



Compositora italiana, irmá da coñecida matemática María Gaetana. Contou co apoio e mecenado de María Antonia Walpurgis, emperatriz e soberana de Lombardía e de María Antonia de Baviera, ambas compositoras que lle posibilitaron desenvolver a súa carreira. A Lombardía austríaca, nese momento, era progresista no relativo ós dereitos das mulleres.

<https://youtu.be/2398d5fxRrs>

## ANNA BON DI VENEZIA (1739-1767)



Compositora italiana do período clásico que formou parte da corte Whilemine von Bayreuth de Guillermina de Prusia, tamén compositora.

Publicou seis sonatas para frauta e continuo. Seis sonatas para clavecín. Seis divertimentos para frauta e continuo.

<https://youtu.be/LHiJi4BFOkE>



### **MADDALENA LAURA LOMBARDINI SIRMEN (1745-1818)**



Violinista e compositora veneciana que obtivo grandes éxitos en Turín, París e Londres.

Moi afamada, é considerada unha das mellores violinistas que tiñan estudado nun orfanato veneciano.

Escribiu seis concertos para violín con acompañamento de oboe, dúas trompas e cordas, seis sonatas para dous violíns, seis tríos para dous violíns e violonchelo entre outras obras importantes.

<https://youtu.be/cc43nbgVdzg>

### **MARIE-EMMANUELLE BAYON LOUIS (1745-1825)**



Compositora, pianista e salonnière francesa. Chegounos dela unha colección de seis sonatas para teclado, tres delas con acompañamento de violín.

Publicou e estreou a ópera-cómica en dous actos *Fleur d'épine*.

<https://youtu.be/-wSKfH9ABf8>

### **HENRIETTE BEAUMENSNIL (1748-1813)**



Compositora francesa e cantante de ópera.

O seu acto de ballet *Tibulle et Délie* de 1784 foi a terceira obra escrita por unha muller que se representou na Ópera de París despois de *Cephalus e Procris* (1694) de *Jacquet de La Guerre* e *Les Génies* (1736) de *Mlle. Duval*.

Escribiu tamén unha ópera, un oratorio e unha ópera cómica.

<https://youtu.be/aEvx52KBZE4>

### **HÈLÈNE DE MONTGEROULT (1764-1836)**



Pianista, mestra e compositora da nobreza francesa que se librou da guillotina interpretando a Marsellesa diante do Tribunal Revolucionario Francés. Foi a primeira profesora do Conservatorio de París inaugurado en 1795.

Compuxo, polo menos nove sonatas e seis nocturnos para voz e piano. Ademais escribiu un completísimo método de ensino dividido en tres volumes: *Cours complet pou l'enseignement du Forté Piano*.

Da súa música salientase a combinación dos clásicos como Bach e Haendel e a expresividade do futuro romanticismo.

<https://youtu.be/CatEUIP0WQA>

### **ELISABETHA GAMBARINI-TAMBOURIN (1731-1765)**



Compositora, mezzosoprano, organista, clavecinista, pianista, directora de orquestra e pintora inglesa. Foi a primeira compositora de Gran Bretaña en publicar unha colección de música para teclado.

<https://youtu.be/nywh7HaSCY>

### **HARRIETT ABRAMS (1758-1821)**



Soprano e compositora inglesa de ascendencia xudía. Tivo unha carreira de éxito como cantante especialmente interpretando a Handel. Publicou dúas

coleccións de canzonetas italianas e inglesas, unha colección de cancións e *glees* escoceses para dúas e tres voces e máis de doce cancións e baladas. Dúas desas cancións que se fixeron moi famosas son *Crazy Jane* e *The Orphan`s Prayers*.

<https://youtu.be/Bgkpa1OwUZg>

### **MARIA HESTER PARK (1760-1813)**



Foi cantante, pianista, compositora e profesora británica. Foi moi popular nos salóns de Inglaterra como compositora e mestra. Quedáronnos varias sonatas e divertimentos para clavecín ou pianoforte só ou acompañadas de violín e un concerto para clavecín ou pianoforte e orquestra de cordas.

<https://youtu.be/MEkJaPVhGGU>

### **ELISABETH BILLINGTON (1765-1818)**



Cantante de ópera británica e compositora. Antes dos 12 anos tiña publicadas dúas coleccións de sonatas para piano.

<https://youtu.be/Eb5pcDtNU18>

## **Bibliografía**

<https://musicaescritapormujeres.wordpress.com/category/renacimiento/>

<https://www.inmujeres.gob.es/areasTematicas/AreaEducacion/MaterialesDidacticos/docs/CreatorasMusica.pdf>